

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e nove de xaneiro de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Consuelo Vispo Seara, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Adolfo González Nóvoa, don Vicente Gómez García e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto quinto da orde do día, reincorporándose á sesión cando se trataba o punto sexto e volvéndose ausentar cando se trataba o punto noveno e reincorporándose cando se trataba o punto décimo.

Os deputados don Francisco José Fraga Civeira (Grupo Socialista) e don Plácido Álvarez Dobaño (Grupo Popular), ausentáronse do salón de sesións cando se trataba o punto noveno da orde do día, reincorporándose á sesión cando se trataba o punto décimo.

O deputado do Grupo Socialista, don Vicente Gómez García, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto noveno da orde do día, reincorporándose á sesión cando se trataba o punto décimo, volvéndose ausentar cando se trataba o punto 13B e reincorporándose cando se trataba o punto 13C.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta:

<http://videoacta.depourense.es>

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2015.-

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de decembro de 2015, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formula ningunha obxección, declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

A continuación, o deputado de **Democracia Ourensana don Armando Ojea Bouzo**, pide a palabra para anunciar que o seu grupo xunto co Grupo Socialista presentaron unha moción, e como cuestión de orde solicita que se trate como primeiro punto da orde do día, dado o seu carácter urxente.

O Sr. presidente pregunta se todos os grupos están de acordo en que se altere a orde do día e cédelle a palabra ao Sr. Álvarez Dobaño, do Grupo Popular.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que cuestión de orde é ser ordenados, e ser ordenados é seguir a orde do día. No punto trece da orde do día di mocións de urxencia e neste punto debaterase a urxencia ou a moción, segundo se considere.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, entende que o grupo maioritario é quen pode decidir esa cuestión, pero entenden tamén que non hai nada máis urxente neste Pleno que o que se ten que debater, pero se a postura do Grupo Popular é deixalo para o final déixase, pero non iso non vai evitar que se debata sobre o asunto.

En consecuencia, a **Presidencia** resolve a cuestión de orde no sentido de que a moción se trate no punto correspondente ás mocións urxentes.

2º.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación, prodúcense as intervencións que se recollen no punto segundo da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), a abstención dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do deputado do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios no parque de bombeiros do Polígono de San Cibrao das Viñas, conforme co seguinte texto:

Artigo 1. Fundamento e natureza.

Ao abeiro do disposto no artigo 132 e de conformidade co establecido nos artigos 15 ó 19, en relación cos artigos 20 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, esta Deputación establece a taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios, que se rexerá por esta Ordenanza Fiscal.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos Servizos de Extinción de Incendios e Alarmas deles, prevención de ruínas, derrubamento, inundacións, salvamentos e outros análogos, ben sexa a solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade, sempre que a prestación do dito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.

2. Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa o servizo de prevención xeral de incendios, nin os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade da veciñanza ou dunha parte considerable desta, tales como os prestados nos casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarada.

Artigo 3. Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que fai referencia o artigo 35 da Lei xeral tributaria, e os usuarios dos inmobles sinistrados que sexan obxecto de prestación do servizo, entendendo por tales, segundo os casos, os propietarios, usufrutuarios, inquilinos e arrendatarios dos ditos inmobles.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

2. Cando se trata de prestación de servizos de salvamento ou outros análogos, será suxeito pasivo a persoa física ou xurídica e a entidade prevista no artigo 35 da Lei xeral tributaria que os solicite, ou en favor da que redunden.

3. Terá a consideración de substituto do contribuínte, no caso de prestación do servizo de extinción de incendios, a entidade ou sociedade aseguradora do risco.

Artigo 4. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos que correspondan da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

Artigo 5. Exencións subxectivas.

1. Estarán exentos os contribuíntes beneficiarios do RISGA (Renda de Integración Social de Galicia) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado, así como aqueles que xustifiquen que os ingresos anuais globais da unidade familiar á que pertencen é inferior ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples). Nembargantes, non procederá exención cando suxeito pasivo, estivese amparado por un seguro que cubrise os gastos derivados da intervención dos servizos do consorcio.

2. Os suxeitos pasivos que estean na/s situacións descritas no apartado anterior, deberán solicitalo por escrito ao consorcio, acompañando a documentación acreditativa das circunstancias nas que se fundamenta dita exención. O prazo para solicitar a exención será do máximo dun mes, contado desde a data da intervención dos efectivos do servizo.

3. Fóra dos supostos indicados non serán aplicables outros beneficios fiscais, salvo os que estean expresamente amparados en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

Artigo 6. Cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, dos materiais empregados na prestación do servizo, o tempo investido nesta, e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen e, no seu caso, polas especiais incidencias na prestación do servizo, tal e como figura no apartado seguinte.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

2. Aos efectos anteriores, aplicaranse as seguintes Tarifas:

VEHÍCULOS	BUL-Bomba Urbana Lixeira	55 €/h. ou fracción
	Vehículos lixeiros – Pick-up	38 €/h. ou fracción

PERSONAL	Bombeiro-condutor	20 €/h. ou fracción
----------	-------------------	---------------------

EQUIPOS	Equipos ERAS (Respiración Autónoma)	25 €/unidade
	Extintores	35 €/unidade
	Mangueras e Accesorios	10 €/tramo
	Xerador de espuma	25 €/h. ou fracción
	Xerador eléctrico	40 €/h. ou fracción
	Equipo de excarceración	80 €/h. ou fracción

MATERIAL	Recarga Aire Comprimido ERA	12 € /unidade
	Espumóxeno	12 €/litro
	Absorbente	15 €/kg.
	Dispersante	8 €/litro

SERVIZOS ESPECIAIS	Apertura de portas	130,00 €
	Saídas accidentes	250,00 €

QUILOMETRAXE	Quilómetro (contabilizárase ida e volta)	1,00 €/km.
--------------	--	------------

Artigo 7. Obriga de contribuír.

Aplicarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando saia do parque a dotación correspondente, momento no que se inicia, para todos os efectos, a prestación do servizo.

Artigo 8. Liquidación e ingreso.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

De acordo cos datos que certifique o Parque de Bombeiros, practicaranse as liquidacións que correspondan, que serán notificadas para o seu ingreso directo na forma e prazos sinalados no Regulamento xeral de recadación.

Artigo 9. Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que por elas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición final

A presente ordenanza trala súa aprobación conforme o disposto no artigo 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e ao abeiro do establecido no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, rexerá a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2º.- De acordo co artigo 17 do RD lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o expediente será exposto o público tras o anuncio do Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión durante o prazo de 30 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO N.º 1/2016.-

A Sra. Interventora dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, así como de dúas emendas de corrección de erros.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourenzana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos n.º 1/2016 do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
011.11/913.18	Amortización préstamo Caixa Galicia 2010. Outras entidades financeiras	5.000.000,00 €
450.12/762.01	A Concellos. Cooperación Provincial	2.050.616,61 €

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
336.11/789.01	Á Diocese de Ourense. Protección e xestión patrimonio histórico artístico	55.957,67 €
231.11/789.02	Fundación San Rosendo. Acción social	461.000,00 €

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
920.01/160.00	Seguridade social. Secretaría Xeral	29.702,31 €
341.11/482.08	Copas deputación. Fomento do deporte	12.500,00 €
420.11/410.00	A Organismos administrativos. Inorde	392.775 €
231.11/462.01	A Concellos subvenc. para PAI. Acción social	26.000,00 €
943.11/467.00	A Consorcios. Consorcio Os Peares	24.040,00 €

CRÉDITO EXTRAORDINARIO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
241.11/131.00	Retribucións básicas. Fomento do emprego, igualdade e benestar	31.175,90 €
241.11/131.02	Outras remuneracións. Fomento do emprego, igualdade e benestar	61.643,82 €
334.12/226.09	Actividades culturais. Escola de danza	20.163,00 €
334.20/462.10	A Concellos. Ribadavia MIT 2015. Actividades culturais	35.000,00 €
341.11/482.09	Escolas deportivas. Fomento do deporte	17.000,00 €
341.11/482.03	Unión deportiva Ourense. Fomento do deporte	10.000,00 €
231.11/489.01	Outras transferencias nominativas. Acción social	10.000,00 €
450.12/462.10	A Concellos. Cooperación Provincial	528.940,00 €
414.11/489.19	A entidades sen fins de lucro. Medio rural	6.000,00 €
450.12/463.01	A Mancomunidade de Celanova. Cooperación	50.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

	provincial	
334.20/489.20	Orfeón Unión Ourense. Actividades culturais e recreativas	6.000,00 €
241.11/414.11	Unións agrarias. Medio rural	1.950,00 €
334.20/489.15	Volcán y víbora. Actividades culturais e recreativas	18.150,00 €
431.41/489.16	Cámara de comercio de Ourense Promoción do comercio	100.000,00 €
463.11/489.17	Instituto de medicina legal de Galicia. Investigación científica e técnica aplicada	3.800,00 €
341.11/479.01	Estación invernal. Fomento do deporte	71.000,00 €
433.11/479.01	Estación invernal. Desenvolvemento empresarial	100.000,00 €
422.11/489.18	Asociación de pizarristas. Promoción da industria	25.000,00 €

RESUMO

Suma suplementos de crédito	7.535.633,92 €
Suma créditos extraordinarios	1.577.780,39 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	9.113.414,31 €
--	-----------------------

2º.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense proceder concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/482.08**. Copas deputación. Fomento do deporte:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Federación galega de fútbol	Copa Deputación de fútbol	42.500,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/482.09**. Escolas deportivas. Fomento do deporte:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Federación galega balonmán	Promoción balonmán	4.000,00 €
Federación galega de Judo	Promoción judo	4.500,00 €
Club Xadrez Ourense	Promoción xadrez	4.000,00 €
Federación galega de fútbol	Promoción fútbol	4.500,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/482.03** Unión deportiva Ourense. Fomento do deporte:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Unión deportiva Ourense	Tempada 2014/2015	10.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/489.01**. Atencións benéficas e sociais nominativas. Acción social:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Special Olympics Galicia	Promoción das actividades para persoas con discapacidade	10.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/462.10** A Concellos. Ribadavia MIT 2015. Actividades culturais

Beneficiario	Finalidade	Importe
Ribadavia	Mostra Internacional de teatro 2015	35.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.01**. A Concellos. Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Gudiña	Obras vías de acceso polígono industrial	23.815,00 €
A Gudiña	Dotación de servizos enerxéticos no polígono industrial	18.782,61 €
Arnoia	Arranxo e preparación do campo de fútbol de a Queixeira	49.874,14 €
Avión	Diversas actuacións e investimentos municipais	30.000,00 €
Baltar	Reparacións accesos municipais	100.000,00 €
Baltar	Melloras na piscina municipal e equipamento	50.000,00 €
Bande	Traballos de fontanería e calefacción en edificio municipal	10.227,53 €
Bande	Acondicionamento de camiño núcleo rural de Vilar	21.768,98 €
Bande	Alumeado público rúa Oriente de Bande	8.400,00 €
Bande	Mellora captación augas termais de Bande	22.856,74 €
Baños de Molgas	Saneamento Vide, Guamil e Sanguñedo	38.000,00 €
Barbadás	Camión motobomba para protección civil	12.000,00 €
Barco (O)	Iluminación campo de fútbol	100.000,00 €
Beade	rehabilitación casa concello	40.000,00 €
Beariz	Obras instalacións fotovoltaicas en concello e colexio	5.448,00 €
Bola (A)	Obras en Podentes	100.000,00 €
Cartelle	Acceso a Madarnás	60.000,00 €
Chandrexa de Queixa	Reparacións no Complexo de Vilaceleiros	59.910,89 €
Esgos	Pavimentación da rede viaria municipal Concello Esgos	59.875,30 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

Leiro	reparacións vías municipais	20.000,00 €
Lobeira	Mellora Conchas e Ermille	60.000,00 €
Lobios	Construción depósito en Torno de Delás e Conex coa rede existente	40.867,17 €
Lobios	Proxecto transfronteirizo	30.000,00 €
Melón	Adecuación entorno Concello Melón	20.500,00 €
Melón	Ensanche e mellora da estrada municipal Barcia-Vilaverde	60.000,00 €
Melón	Aforro e eficiencia enerxética	8.665,31 €
Merca (A)	Mellora da rede viaria local	59.462,57 €
Mezquita (A)	Arranxo pavillón	20.000,00 €
Nogueira de Ramuín	Adecuación entorno Mosteiro Santo Estevo de Ribas de Sil	60.000,00 €
Carballeda de Valdeorras	Igrexa Parroquial de Sobradelo-Carballeda de Valdeorras	6.000,00 €
Ourense	Grada e reforma no campo de fútbol en Santa Cruz de Arrabaldo	112.032,11 €
Paderne	infraestruturas e saneamentos	10.000,00 €
Padrenda	Acondicionamento campo festa de Freás	59.000,00 €
Parada do Sil	Construción beirarrúa	43.000,00 €
Piñor	Arranxo fontes municipais	10.000,00 €
Pontedeva	Urbanización O Valiño	10.280,00 €
Pontedeva	Acondicionamento antiga escola de Xinzo para vivenda unifamiliar	54.500,00 €
Porqueira	Centro social Xocín	25.000,00 €
Porqueira	Acondicionamento camiño Forxa A Vila	23.000,00 €
Punxín	Adaptación locais sociais	20.255,40 €
Quintela de Leirado	Obras de pavimentación da Praza en Xacebáns	20.960,78 €
Quintela de Leirado	Obras de pavimentación rúa en Forxán	6.316,09 €
Quintela de Leirado	Humanización praza en Leirado	41.712,23 €
Riós	Centro agroforestal de Riós	30.000,00 €
Rubiá	instalación revestimento piscina	37.950,00 €
San Cristovo de Cea	actuacións en Oseira	12.500,00 €
Toén	Accesos centro social de Xestosa	18.000,00 €
Trasmiras	Melloras na rede viaria municipal	60.000,00 €
Verea	Obras de mellora na estrada principal de Sabucedo e accesos	36.690,62 €
Vilamarín	Rede viaria local	52.500,00 €
Vilardevós	Adquisición coitela quita neves e espaxedor de sal	10.000,00 €
Vilar de Barrio	Mellora rede pluviais	7.971,14 €
Vilar de Santos	Arranxos nos camiños municipais	50.000,00 €
Xinzo de Limia	proxectos de dotacións artísticas nas rúas	40.000,00 €
Xinzo de Limia	Escafeira minusválidos piscina	4.494,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

Xunqueira de Ambía	de	Recuperación conxunto etnográfico A Pousa	18.000,00 €
Xunqueira Espadañedo	de	Remate e funcionamento do Museo da Alfarería	40.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/462.10**. A concellos cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe	
A Gudiña	Gastos casa da Viúva	15.000,00 €	
A Gudiña	Organización rallye mix	12.000,00 €	
Baltar	Plan cultural 2016	50.000,00 €	
Bola (A)	Xornadas medioambientais	10.000,00 €	
Bola (A)	Transporte público municipal	15.000,00 €	
Bolo (O)	IX Festa da Vitela. Traxes e instrumentos folión Buxán	10.000,00 €	
Blancos (Os)	Atención de obrigas legais vencidas e esixibles con AAPP	70.000,00 €	
Castro Caldelas	Promoción turística	25.000,00 €	
Cortegada	Traballos Medioambientais	25.000,00 €	
Esgos	Semana Cultural	3.000,00 €	
Maceda	Adquisición colección elementos etnográficos	30.000,00 €	
Maceda	Adaptación e mellora para infraestrutura ciclista	10.000,00 €	
Muíños	Actuacións formativas en institucións sociais	10.445,00 €	
Muíños	Equipamento complexo turístico deportivo no Corgo	17.000,00 €	
Muíños	Actividade formativa sociosanitaria	4.395,00 €	
Padrenda	Traballos medioambientais	25.000,00 €	
Padrenda	Inventario de bens	15.000,00 €	
Petín	Proxecto piloto transporte a demanda	6.000,00 €	
Petín	Limpeza cunetas e varios camiños municipais	57.100,00 €	
Piñor	organización rallye mix	8.000,00 €	
Ribadavia	Mostra Internacional 2015	35.000,00 €	
Veiga (A)	Actuacións de astroturismo	40.000,00 €	
Vilar de Santos	Museo da Limia	12.000,00 €	
Xunqueira de Ambía	de	Plan piloto de cooperativismo	6.000,00 €
Xunqueira de Ambía	de	Seguimento proxecto Piloto desenvolvemento integral economía local	18.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **414.11/489.19**. A entidades sen fins de lucro. Medio rural:

Beneficiario	Finalidade	Importe
ADEGAL	Gastos de funcionamento da Asociación durante o ano 2015	6.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/462.01**. A Concellos subvencións para PAI .
Acción social:

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Gudiña	Escola infantil	26.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/463.01**. A Mancomunidade de Celanova.
Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Mancomunidade Terras de Celanova	Gastos de funcionamento extinción e prevención de incendios	50.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **336.11/789.01** Á Diocese de Ourense. Protección e xestión patrimonio histórico artístico.

Beneficiario	Finalidade	Importe
Bispado de Ourense	San Mamede de Sorga - A Bola	3.600,00 €
Bispado de Ourense	San Pedro de Fornadeiros - Muíños	6.000,00 €
Bispado de Ourense	Santiago de Couso de Salas - Muíños	3.000,00 €
Bispado de Ourense	Santa María de Souto de Limia - Muíños	6.000,00 €
Bispado de Ourense	Santa María de Beade – Beade	15.000,00 €
Bispado de Ourense	Capela de San Pedro de Viñao - Punxín	16.357,67 €
Bispado de Ourense	Arranxo/rehabilitación do tellado da Hermida de San Pablo en San Paio	6.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/489.20** Orfeón Unión Ourensana. Actividades culturais e recreativas:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Orfeón Unión Ourensana	Gastos mantemento e funcionamento	6.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **241.11/414.11** Unións agrarias. Medio rural:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Unións Agrarias	Curso Manipulador -aplicador de produtos fitosanitarios de nivel básico	1.950,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/489.15** Volcán y víbora. Actividades culturais e recreativas

Beneficiario	Finalidade	Importe
Volcán y Víbora producciones	Documental "Catedral de Ourense"	18.150,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **431.41/489.16** Cámara de comercio de Ourense
Promoción do comercio

Beneficiario	Finalidade	Importe
Cámara Comercio Ourense	Desenvolvemento viveiros empresariais	100.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/789.02** Fundación San Rosendo. Acción social

Beneficiario	Finalidade	Importe
Fundación San Rosendo	Construción residencia terceira idade Lobeira	461.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **463.11/489.17** Instituto de medicina legal de Galicia. Investigación científica e técnica aplicada

Beneficiario	Finalidade	Importe
Instituto de medicina legal de Galicia. Unidade Antropolóxica forense	Proxecto de investigación	3.800,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/479.01** Estación invernall. Fomento do deporte

Beneficiario	Finalidade	Importe
Estación invernall de Manzaneda	Esquiou 16	71.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **433.11/479.01** Estación invernall. Desenvolvemento empresarial

Beneficiario	Finalidade	Importe
Estación invernall de Manzaneda	Actividades e proxectos	100.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **943.11/467.00** A Consorcios. Consorcio Os Peares

Beneficiario	Finalidade	Importe
Consorcio Os Peares	Cota 2016	24.040,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **422.11/489.18** Asociación de pizarristas. Promoción da industria

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación galega de pizarristas	Convenio de actuacións	25.000,00 €

3º.- Nas bases de execución do orzamento 2016 e con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, previase unha subvención ao Concello de A Gudiña para actuacións no parque infantil da Cotarela. Visto o escrito de renuncia do Concello de A Gudiña de data 17 de decembro de 2015 onde solicita que se lle inclúa a seguinte subvención para o orzamento de 2016, procédese ao cambio de finalidade de subvención:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de A Gudiña	Construción de pista de tenis e pavimentación	16.396,70 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

4º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E REDE VIARIA PROVINCIAL 2016.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural e a unha emenda da Presidencia de data 27 de xaneiro de 2016.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto cuarto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados/as do Grupo Socialista (8) de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais 2016 (Plan Base), co detalle que figura na relación de obras para o efecto redactada, co seguinte resumo:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	4.278.638,85 €	798.720,49 €	5.077.359,34 €
2.- Réxime especial para concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta	472.500,00 €		472.500,00 €
2.- Rede Viaria Deputación	2.000.000,00 €		2.000.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

TOTAL	6.751.138,85 €	798.720,49 €	7.549.859,34 €
--------------	----------------	--------------	----------------

PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	4.040.000,00 €	186.152,63 €	4.226.152,63 €
Rede Viaria Deputación	1.070.000,00 €		1.070.000,00 €

2º.- Someter o Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou reclamacións o Plan debe ser sometido novamente á Corporación Provincial, para o acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

5º.- PROGRAMA DE COOPERACIÓN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE 2016.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural así como a unha emenda de engádega do BNG do 27 de xaneiro.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de engádega do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as do BNG (1), Democracia Ourensana (2) e Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14).

A continuación somete a votación o ditame da comisión informativa e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2016, co seguinte contido:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2016. A finalidade deste Programa é a contribución ao sostemento económico dos servizos de competencia municipal posibilitando, asemade, a contratación dos recursos humanos necesarios co dito fin, tanto a través das figuras contractuais propias da lexislación laboral como a través de contratos administrativos, de ser o caso.

2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes que contraten persoal en réxime de dereito laboral ou subscriban contratos administrativos, típicos ou especiais, con empresarios suxeitos ao réxime de autónomos, para a realización de actividades da súa competencia durante o exercicio 2016.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas contratacións.

3ª) Contía das subvencións:

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 10.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos subvencionados.

4ª) Disponibilidades orzamentarias:

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria consignarase o crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2016, por importe global máximo de 910.000,00 €.

5ª) Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

As solicitudes, subscribas polo alcalde interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

- Declaración, subscripta polo presidente, de que o concello non se atopa incurso en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas conforme co disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

- Declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas polo concello ou que lle fosen concedidas para o financiamento dos contratos para os que se solicita subvención.

6ª) Procedemento de concesión:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ao Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Unha vez emitido o trámite de emenda, se é o caso, o expediente remitiráselle á Comisión de Valoración, que procederá a formular proposta de resolución conforme cos criterios de concesión recollidos na base 8ª.

7ª) Comisión de valoración:

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o presidente da Deputación, ou deputado en quen delegue.

Vogais:

- A interventora da Deputación, ou funcionario que legalmente a substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.
- Un deputado designado pola Presidencia.

Actuará como secretario da comisión o xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa.

Os membros da comisión atópanse suxeitos aos deberes de abstención establecidos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas.

8ª) Criterios para o outorgamento e fixación da contía das subvencións:

1. Para o outorgamento das subvencións, a comisión de valoración aplicará os seguintes criterios:

Establécese unha axuda lineal para cada concello da provincia de poboación inferior a 20.000,00 habitantes de 10.000,00 €, achega que se minorará na contía que corresponda nos seguintes supostos:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

- Se o importe do contrato para subvencionar fose inferior á dita cantidade.
- Se o conxunto das achegas que financian a actuación exceden, no seu conxunto, do 100% do custo da contratación subvencionada.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.

2. A comisión de valoración cualificará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados, e proporá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes.

9ª) Resolución:

A proposta da comisión de valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo da emenda de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da comisión de valoración, agás naqueles supostos nos que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nas presentes bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso adoptará a resolución oportuna, corrixindo a proposta da comisión, tralos informes previos que se estimen precisos.

Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunicar o rexeitamento da subvención concedida, entendéndose que a aceptan no caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. No caso de rexeitamento, os remanentes reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.

10ª) Publicidade da concesión:

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das subvencións concedidas. Ao abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos.

11ª) Xustificación da subvención:

Os concellos beneficiarios deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes do 30 de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

outubro de 2016. Este prazo terá carácter improrrogable.

A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

- A) Certificación expedida polo secretario do concello na que se indique a contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigación no exercicio 2016.
- B) Certificación do secretario do concello das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos subvencionados.
- C) Certificación da conta corrente do concello para a realización do pagamento da subvención.
- D) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 12ª destas bases, no que se reflecta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización de gasto por unha contía igual ou superior á presentada na solicitude que serviu de base para a concesión da subvención. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente.

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

12ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os concellos beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na mencionada lei. Así mesmo, no lugar onde se realicen os servizos deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -en modelo normalizado e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

publicado na web institucional- no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.

13ª) Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases, seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º.- De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas someterase a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

6º.- PROGRAMA DE COOPERACIÓN EN MATERIA DE MOCIDADE 2016.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de mocidade para o exercicio 2016, co seguinte contido:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de mocidade para o exercicio 2016. A finalidade deste Programa é a contribución ao financiamento das actividades desenvolvidas polos concellos da provincia en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

prol da mocidade ao longo do exercicio 2016.

2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes que desenvolvan calquera actividade en prol da mocidade durante o exercicio 2016.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas actuacións.

3ª) Contía das subvencións:

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 6.000,00 € e ata o 100% dos custos derivados das actividades subvencionadas.

4ª) Disponibilidades orzamentarias:

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria consignarase o crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2016, por importe global máximo de 546.000,00 €.

5ª) Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

As solicitudes, subscritas polo alcalde interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- Declaración, subscrita polo presidente, de que o concello non se atopa incurso en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas conforme ó disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.
- Declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas polo concello ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención.

6ª) Procedemento de concesión:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ao Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Unha vez emitido o trámite de emenda, se é o caso, o expediente remitiráselle á comisión de valoración, que procederá a formular proposta de resolución conforme cos criterios de concesión recollidos na base 8ª.

7ª) Comisión de valoración:

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o presidente da Deputación, ou deputado en quen delegue.

Vogais:

- A interventora da Deputación, ou funcionario que legalmente a substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.
- Un deputado, designado pola Presidencia.

Actuará como secretario da comisión o xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa.

Os membros da comisión atópanse suxeitos aos deberes de abstención establecidos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas.

8ª) Criterios para o outorgamento e fixación da contía das subvencións:

1. Para o outorgamento das subvencións, a comisión de valoración aplicará os seguintes criterios:

Establécese unha axuda lineal para cada concello da provincia de poboación inferior a 20.000,00 habitantes de 6.000,00 €, achega que se minorará na contía que corresponda nos seguintes supostos:

- Se o importe das actividades a subvencionar fose inferior a dita cantidade.
- Se o conxunto das achegas que financian a actuación exceden, no seu conxunto, do 100% do custo das actividades subvencionadas.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.

2. A comisión de valoración cualificará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes.

9ª) Resolución:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

A proposta da comisión de valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo da emenda de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da comisión de valoración, agás naqueles supostos nos que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nas presentes bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso adoptará a resolución oportuna, corrixindo a proposta da comisión, previos os informes que se estimen precisos.

Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunicar o rexeitamento da subvención concedida, entendéndose que a aceptan no caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. No caso de rexeitamento, os remanentes reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.

10ª) Publicidade da concesión:

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das subvencións concedidas. Ao abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos.

11ª) Xustificación da subvención:

Os concellos beneficiarios deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes do 30 de outubro de 2016. Este prazo terá carácter improrrogable.

A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

- A) Certificación expedida polo secretario do concello na que se indique a contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigación no exercicio 2016.
- B) Certificación do secretario do concello das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos subvencionados.
- C) Certificación da conta corrente do concello para a realización do pagamento da subvención.
- D) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 12ª destas bases, no que se reflecta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

Ourense.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización de gasto por unha contía igual ou superior á presentada na solicitude que serviu de base para a concesión da subvención. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente.

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

12ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os concellos beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na mencionada lei. Así mesmo, no lugar onde se realicen os servizos deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -en modelo normalizado e publicado na web institucional- no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.

13ª) Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases, seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º.- De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas someterase

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

7º MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O USO DA ESTACIÓN DE CAMPOBECERROS AO ABEIRO DO PROGRAMA ESTACIÓNS DO INORDE.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución a esta moción e cédelle a palabra ao Sr. Gómez García para que defenda o contido da seguinte moción:

“No ano 2006 o INORDE asinou con ADIF un contrato polo que este último cedía as instalacións da antiga estación de Campobeceros ata 2021 para a súa rehabilitación a través dun proxecto europeo.

Ese proxecto foi executado e a estación converteuse nun albergue de peregrinos contando cunha cantina.

No ano 2010 ampliouse o contrato hasta 2025 a fin de subscribir un convenio coa Xunta de Galicia co obxecto de regular o financiamento que ese organismo aportaba ó proxecto global de Estacións.

Despois de todos eses anos a estación de Campobeceros segue sen prestar os servizos para os que foi rehabilitada e polo que foi subvencionada, e polo tanto entendemos que está a incumprir co compromiso adquirido á hora de recibir dita subvención.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Provincial Socialista somete a debate e aprobación a seguinte, proposta de acordo:

Que a Deputación poña as instalacións en funcionamento para o uso que foi concibida no seu proxecto e para o cal recibiu fondos europeos”.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, que é aprobada co voto

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

favorable dos deputados/as do Grupo Popular e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Que unha vez finalizadas as obras do AVE, as instalacións da Estación de Campobeceros pasen a ser centro de recepción de visitantes do Parque Natural do Invernadoiro e albergue, para o cal fora concibido o proxecto orixinal.

8º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O ERE QUE ESTÁ LEVANDO A CABO A EMPRESA PÚBLICA TRAGSA

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda de substitución á moción orixinal, dadas as novas circunstancias dos feitos, e cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Suárez para que defenda o contido desa nova moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da seguinte moción:

“A empresa pública TRAGSA, de titularidade do Estado, que posúe o 100% do seu capital social, por mor das perdas que se produciron por primeira vez na historia no exercicio 2013 iniciou a finais dese ano a tramitación dun expediente de regulación de emprego extintivo. Ese ERE foi anulado con posterioridade por unha sentenza da Audiencia Nacional que obrigou á readmisión de todos os traballadores e traballadoras ás que xa se lles tiña aplicado. Desde ese momento até a actualidade a situación financeira da empresa mudou substancialmente. Durante o exercicio 2014 persistiron as perdas chegando a acumular nos dous anos 45 millóns de euros, porén durante o exercicio 2015 obtivo uns beneficios de 9 millóns de euros. Todo isto produciuse ao mesmo tempo que a empresa mantén un fondo de reservas voluntarias de máis de 200 millóns de euros que precisamente deberían usarse para paliar situacións como as vividas en 2013 e 2014. Os beneficios obtidos durante 2015 e a recuperación financeira da empresa produciuse coa reincorporación da totalidade do cadro de persoal, sen executar o ERE tal como ordenou a Audiencia Nacional, o cal demostra que o ERE non era necesario desde o punto de vista da viabilidade económica da empresa. É mais, durante ese tempo a empresa seguiu contratando traballadores eventuais, 1100 durante o ano

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

2015, acadando a cifra total de 4.500 eventuais neste grupo de empresas. Tamén esta recuperación se produciu ao mesmo tempo en que se ía sobredimensionando cada vez máis o cadro directivo do grupo de empresas que foi usada como “axencia de colocación”, con salarios en moitos casos obscenos, de persoas afíns ao partido do goberno descolgados de cargos anteriores. A situación actual ven motivada por unha sentenza do Tribunal Supremo que anula a emitida anteriormente pola Audiencia Nacional e que habilita á empresa para a verificación do ERE formulado a finais do 2013. A partir dese momento, e xa cun goberno do Estado en funcións empeza o desatino por parte da dirección deste grupo de empresas de aplicar o ERE aínda que todas as circunstancias económicas de empresa e a carga de traballo o fan absolutamente innecesario. Así tense iniciado o proceso para o despedido dun total de 1336 persoas nas diferentes empresas do grupo (fundamentalmente Tragsa e Tragsatec) dos cales 103 se van producir en Galiza. A día de hoxe, cunha eficacia inusitada para o despedido, en Galiza xa se verificou o despedido de 75 persoas o que supón case un 73% do total. Esta actuación irresponsábel e que non se axusta á situación da empresa só se pode entender desde a óptica de querer facer unha aplicación extrema da reforma laboral para eliminar traballo estable e substituílo por outro eventual e con condicións máis precarizadas. Intuímos que esta é a razón pola que a propia empresa freou nas súas pretensións. O pasado día 21 emitíu un comunicado no que daba por finalizada a execución do ERE. Este grupo considera que isto supón un recoñecemento de que as razóns aducidas polos traballadores e traballadoras en contra do ERE eran verídicas e solventes. Alégranos que tamén así se recoñeza por parte da empresa pública. Porén agora xorde unha nova situación que temos que resolver, a das centos de persoas que xa foron despedidas como consecuencia do ERE. Esta situación afecta tamén dunha forma directa ao Goberno Galego que mantén cuantiosas encomendas e traballos con este grupo de empresas. Polo tanto o Goberno Galego debera ter unha actuación activa na defensa e preservación dos dereitos dos traballadores e traballadoras ao tempo que velar porque este ERE non afecte a actuacións moi importantes que as empresas do grupo Tragsa veñen realizando para a administración pública galega, ademais de evitar a destrución de máis postos de traballo no noso país. A nosa posición ao respecto é clara. O Bloque Nacionalista Galego considera que é ineludíbel que se resolva a situación de todos os traballadores e traballadoras xa despedidos e que se repoñan nos seus postos de traballo en idénticas condicións ás que tiñan con anterioridade ao seu

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

despedimento. Por todo o anterior exposto, solicitamos a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

O Pleno da Deputación

1º.- solicítalle ao Goberno do Estado que realice as xestións necesarias para garantir que o grupo de empresas públicas de TRAGSA repoña o emprego destruído, readmitindo ás persoas xa despedidas, e a trasladarlle os seu profundo rexeitamento dado que resulta moi prexudicial para os intereses de Galiza, tanto pola destrución e perda de máis emprego no noso país, como pola afectación á encomenda de obras e servizos que mantén coa administración galega e que afectan a servizos e actuacións públicas esenciais.

2º.- Insta á empresa a que de inmediato se constitúa unha mesa de negociación coa representación dos e das traballadoras na que se analicen as fórmulas concretas para as reposicións nos seus postos de traballo de todos os e as traballadoras que xa foran despedidas e que en todo caso se lles garantan as mesmas condicións e dereitos que tiñan con anterioridade ao despido.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o texto da nova moción, e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Deputación solicítalle ao Goberno do Estado que realice as xestións necesarias para garantir que o grupo de empresas públicas de TRAGSA repoña o emprego destruído, readmitindo ás persoas xa despedidas, e a trasladarlle os seu profundo rexeitamento dado que resulta moi prexudicial para os intereses de Galiza, tanto pola destrución e perda de máis emprego no noso país, como pola afectación á encomenda de obras e servizos que mantén coa administración galega e que afectan a servizos e actuacións públicas esenciais.

2º.- Instar á empresa a que de inmediato se constitúa unha mesa de negociación coa representación dos e das traballadoras na que se analicen as fórmulas concretas para as reposicións nos seus postos de traballo de todos os e as traballadoras que xa foran despedidas e que en todo caso se lles garantan as mesmas condicións e dereitos que tiñan con anterioridade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

ao despido.

9º.- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA DE QUITACIÓN DE VILAMARÍN E INCOACIÓN DUN NOVO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Popular (13), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) e a abstención dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (6), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Declarar a caducidade do procedemento de resolución do contrato administrativo especial para a prestación do servizo de Escola de Equitación de Vilamarín, incoado por acordo do Pleno da Deputación do 25 de setembro de 2015, ao ter transcorrido o prazo máximo de resolución (3 meses) sen que se adoptase o correspondente acordo.

O presente acordo de declaración de caducidade adóptase por razóns de seguridade xurídica, tendo en conta que tanto a suspensión da tramitación do expediente con ocasión da solicitude do ditame do Consello Consultivo como a posterior ampliación do prazo de resolución por decreto da Presidencia do 22 de decembro de 2015, puideran non axustarse plenamente aos estritos requisitos legais de validez e eficacia dos ditos acordos, conforme coa xurisprudencia máis recente do Tribunal Supremo.

2º.- Incoar expediente de resolución do contrato administrativo especial para a prestación do servizo da Escola de Equitación de Vilamarín por incumprimento culpable do contratista Equus-Ourense SL, consistente na falta de pago do canon ofertado e dos gastos do anuncio da licitación.

De conformidade co establecido no artigo 225.3 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a resolución por incumprimento culpable do contratista implicará que este deberá indemnizar á administración provincial polos danos e perdas ocasionadas, estimándose

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

inicialmente estas no importe do canon e dos gastos adebedados. A indemnización farase efectiva sobre a garantía do contrato constituída no seu día, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista polo importe que exceda da garantía incautada, de ser o caso.

Para estes efectos, a resolución que poña fin ao procedemento conterá un pronunciamento expreso sobre a indemnización derivada da resolución do contrato, en caso de acordarse esta última, así como sobre a procedencia da perda, devolución ou cancelación da garantía.

3º.- Delegar na Presidencia da Deputación a facultade de ditar cantos actos de trámite sexan precisos para a tramitación do expediente de resolución do contrato, incluíndo expresamente os acordos de suspensión ou ampliación dos prazos de tramitación e resolución do procedemento.

4º.- Conceder audiencia, na súa condición de interesada no expediente, a Equus-Ourense, SL co fin de que durante o prazo improrrogable de dez (10) días naturais, contados desde o seguinte ao da recepción da notificación deste acordo de incoación, poida formular as alegacións e achegar cantos documentos e xustificantes conveñan ao seu dereito, de conformidade co disposto no artigo 109.1.a) do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CREACIÓN DUNHA AXENCIA PROVINCIAL DE ENERXÍA.-

Trala ratificación, por unanimidade, da inclusión deste asunto na orde do día, o Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución a esta moción e cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que expoña o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

“Os concellos da provincia teñen nos custos de subministración de enerxía un dos principais gastos de financiamento dos servizos públicos ós que se ven na obriga de prestar. O principal cometido das deputacións é facilitar a prestación dos servizos municipais co maior índice de eficacia e o menor custo posible, especialmente naqueles concellos de menor tamaño como son a maioría dos da provincia de Ourense. O Grupo Socialista considera que a Deputación de Ourense debe cooperar cos concellos co obxecto de rebaixar os custos de subministración, aplicar políticas de aforro e eficiencia, impulsar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

estudos e auditorías de eficiencia, impulsar as inversións innovadoras necesarias, plans de mellora e modernización das instalacións de alumeado público e dos equipamentos públicos, loitar contra a pobreza enerxética, crear redes para negociación de melloras nos prezos de subministración, etcétera, todo elo relacionado coa eficiencia enerxética. É posible incluso promover infraestruturas de produción eléctrica para subministración das instalacións públicas utilizando as diversas enerxías renovables. Necesítase tamén promover a educación e boas prácticas para conseguir aforro enerxético por parte de empresas e veciños, favorecendo a innovación. E todo elo cunha estrutura que facilite asesoramento e traballe na captación de recursos económicos. Consideramos que a Deputación debe crear un organismo de carácter provincial que impulse e coordine os esforzos municipais na provincia. Por todo o exposto anteriormente o Grupo Provincial Socialista somete a debate e aprobación a seguinte, proposta de acordo: 1.- Crear a Axencia Provincial da Enerxía de Ourense, e para elo realizar inmediatamente os estudos para a posta en marcha. 2.- Xestionar a cooperación doutras Administracións (Unión Europea, Administración do Estado e Xunta de Galicia) e outras entidades que poidan contribuír á viabilidade e financiamento dos obxectivos deste organismo”.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación, en primeiro lugar, a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular que obtén o voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

A continuación somete a votación a moción presentada polo Grupo Socialista, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención do deputado do BNG (1).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Que a Deputación Provincial de Ourense continúe coas xestións e dotación orzamentaria para a posta en marcha da Axencia Provincial da Enerxía e do Medio

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

Ambiente, tal e como figura no plan de mandato Ourense 15-19, proxecto que coñecen os gobernos autonómico, nacional e a propia Comisión Europea.

11º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA AO ESTABLECEMENTO DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE OURENSE PARA ACORDAR UN CONXUNTO DE ACTUACIÓNS DA REAL BANDA DE GAITAS DA DEPUTACIÓN EN EVENTOS ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE OURENSE.-

Trala ratificación, por unanimidade, da inclusión deste asunto na orde do día, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Pérez Jácome para que defenda o contido da seguinte moción:

“En la ciudad de Ourense se dan al año una serie de eventos que organiza el Concello de diversa naturaleza y que movilizan un gran número de ciudadanos. Unos son de carácter institucional y solemne en los que a veces es necesaria la interpretación de himnos, otras veces de carácter religioso, como procesiones de Semana Santa , otros a los que al carácter religioso se van uniendo la tradiciones local como son las fiestas patronales e incluso algunos como la Cabalgata de Reyes que con raíz religiosa, ha visto como se ha ido transformando en un evento social con un carácter mas festivo y de espectáculo de masas. Estos eventos venían contando en Ourense con la presencia del colectivo de músicos que en su momento integraban la Banda Municipal de Música, hoy bajo la tutela de la Asociación Ricardo Coutier cuyo convenio con el Concello de Ourense ha expirado. Democracia ourensana a través de nuestro grupo político municipal como es bien sabido. ha denunciado sistemáticamente la situación de privilegio que venía disfrutando esta agrupación musical. Denuncias que incluso nos acarrearón alguna agresión. La subvención y alguna retribución complementaria más que recibía esta Fundación, superaba ampliamente los 400.000€ anuales y suponían a nuestro entender un dispendio que bajo ningún modo se puede permitir el Concello de Ourense. Hablábamos en su momento de un costo por actuación que rondaba los 8000€ para una repercusión social, aunque muy respetable, mínima. Democracia Ourensana insiste en la necesidad de introducir criterios de racionalidad en el gasto público asignado a Cultura. También en la necesidad de diferenciar esta última del espectáculo, del “Show Bussines”. Porque cuando hablamos de un espectáculo, hemos de hablar de “Cachés”. Y cuando hablamos de estos últimos, cualquier criterio de buena gobernanza nos obliga a ajustar los gastos a la realidad y la realidad estaba muy lejos de las cantidades que se estaban abonando, como en su día demostramos con datos y números presentando la comparativa con las bandas de música del Levante español, las mas afamadas del Estado. Dejada atrás la opción que suponía el convenio con la Asociación Ricardo Coutier por sus inasumibles, por elevados, costos, nuestro partido cree que hay una necesidad que cubrir: amenizar estos actos, eventos o pasacalles. La Cabalgata de Navidad celebrada hace unas semanas contó con la presencia de La Real Banda de Gaitas de la Diputación de Ourense. Realizó y contribuyó a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

la vistosidad del desfile aportando su contrastada solvencia artística así como su reconocida calidad. Al mismo tiempo introdujo un valor de proximidad, de cercanía, al tratarse de una agrupación plenamente identificable a Ourense. La colaboración en el desfile tuvo una contrapartida económica (en torno a los 1.000€, según nuestros datos) y que este grupo político considera en todo momento razonable. Entendemos y no nos duelen prendas en reconocerlo, que fue la gran aportación al desfile de este año. Desde aquí nuestro reconocimiento a quienes lo hicieron posible y en los términos que lo hicieron. Nuestra felicitación a los responsables de la organización porque acababan de mostrar a los ciudadanos de Ourense de qué modo tan brillante se podía suplir la ausencia de los músicos de la Asociación Ricardo Coutier. Democracia Ourensana cree que esta colaboración que resultó tan exitosa no debe quedar en la anécdota puntual. Esta colaboración ha de ir más allá. Ha de darse con más regularidad y debe servir en primer lugar para cubrir esas necesidades que estimamos que podrían quedar concretadas en una decena de actuaciones, Es preciso fijar el marco de esa colaboración, concretando fechas, número de actuaciones y para los que se asignen unas cantidades económicas así como otros términos que complementen un acuerdo que debería plasmarse en un convenio Diputación - Concello de Ourense y con vocación de que perdure en el tiempo aunque por su naturaleza haya de ser renovado anualmente. Creemos además que los ciudadanos de Ourense merecen poder acceder al disfrute de actuaciones musicales en directo más allá de estos actos tradicionales. Por ello, hay toda una programación musical más o menos variada que pretende abarcar la diversidad de estilos musicales. Es en esta programación donde estimamos que también la Real Banda de Gaitas debería contar con un espacio destacado. Nuestro grupo político considera que un número de cuatro conciertos anuales (uno por estación del año) en la ciudad pudiera ser el adecuado. Permitiría el disfrute musical de los ciudadanos y contribuirían a reforzar los vínculos de la ciudad con su agrupación musical más señera y representativa. Estos cinco conciertos que planteamos que serían integrados en un calendario de actuaciones musicales del Concello nos parece que respondería a la necesidad de mantener una cierta presencia de la primera y más representativa entidad musical de la provincia en la programación cultural de la Capital. Creemos que hay que aprovechar el momento que vivimos y no dejar escapar la ocasión. En los últimos meses y tras los resultados de las últimas elecciones municipales el 20 de Mayo del año pasado, el Partido Popular viene gobernando tanto la Diputación como el Concello de Ourense. A pesar de algún desencuentro ostensible como aquél que desembocó en la dimisión del que hasta el momento había sido portavoz del Gobierno Municipal, el Sr González Bouzán, ambas instituciones vienen haciendo gala de un clima de comunicación y entendimiento sin precedentes en los últimos tiempos en Ourense. El desencuentro permanente que presidió las relaciones en los mandatos anteriores, lógico al tratarse de partidos distintos y de ese modo sectario de entender la política, llega incluso a remontarse a los últimos años del Sr. Cabezas al frente de la Alcaldía. Pero todo eso eran otros tiempos. Tiempos de desconfianzas, rivalidades y celos que se traducían en la obstaculización permanente de una administración a la otra y que acababa pagando, como no!, el administrado. Actualmente y superado aquel desencuentro tan notorio y puestos las cosas en su sitio, la relación es otra bien distinta. Aquellas zancadillas y aquel permanente torpedeo político, ha dejado paso a la tan resaltada Colaboración institucional. No faltan muestras de ello, desde el Plan de obras municipal aprobado en una gran parte y a contrarreloj en el

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

Concello de Ourense y siempre gracias a esta Diputación, a la Estrategia Conecta Ourense (ECO) presentada estos días pasando por el Festival de Cine, etcétera. Es en este contexto de colaboración institucional en el que la moción que hoy traemos no debería tener problemas para tener la mejor de las acogidas por parte de esta Diputación para acto seguido iniciar las negociaciones con el Concello de Ourense. Contamos para ello con los buenos oficios del Sr. Pumar Tesouro, hombre en el que intersecan ambas administraciones y responsable principal de que esa sintonía se mantenga y produzca frutos como el convenio que hoy demandamos. El Concello de Ourense cubriría de esta forma una serie de eventos y actos oficiales de un modo realmente brillante y que sin duda daría realce y resaltaría la solemnidad de esos actos. La Diputación garantizaría una presencia regular de su Real Banda de Gaitas en su primer escenario Ourense y en su capital. Del mismo modo la por otra parte lógica compensación económica, ayudará también a financiar la actividad de la Real Banda. También los cuatro conciertos que planteamos que serían integrados en un calendario de actuaciones musicales del Concello nos parece que respondería a la necesidad de mantener una cierta presencia de la primera y más representativa entidad musical de la provincia en la programación cultural de la Capital. Por todo ello el grupo político de Democracia Ourensana presenta para su debate y aprobación la siguiente moción: Propuesta: Que la Diputación Provincial de Ourense inicie conversaciones con el Concello de Ourense encaminadas a establecer un convenio de colaboración para que la Real Banda de Gaitas de esta Diputación realice un total de diez actuaciones en actos oficiales y cuatro conciertos cada año. El convenio tendría una contrapartida económica por parte del Concello de Ourense en la línea de precios que se aplicó en la última Cabalgata de Navidad.”

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto onceavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro](#)

Non se producen máis intervencións o presidente somete a votación a moción de Democracia Ourensana que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) do Grupo Socialista (8) e do BNG (1).

12º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á AMPLIACIÓN E FIXACIÓN DE CRITERIOS DO OBSERVATORIO ECONÓMICO OURENSÁN.-

Trala ratificación, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución e cédelle a palabra ao Sr. Ojea Bouzo para que defenda o contido da seguinte moción:

“Desde el mes de Diciembre de 2012, se presenta con una regularidad cercana a los seis meses el Observatorio Económico Ourensano, que se presenta como un informe general de la realidad socioeconómica de la provincia de Ourense. Desde sus orígenes, en los que el Observatorio era elaborado íntegramente a través del Inorde (siendo su aboración presupuestada y delegada en agentes externos desde Diciembre de 2013), la estructura del

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

observatorio se mantiene inconstante, situando el foco sobre diversos puntos socioeconómicos sin dar una continuidad en posteriores elaboraciones del mismo; lo que se considera relevante en alguna edición, con frecuencia no aparece en sucesivos informes, tal y como reflejamos a continuación.

	VII	VI	V	IV	III	II	I
Unidades Locales			✓		✓	✓	✓
Evolución Afiliaciones	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Evolución Paro	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Sector Tecnológico			✓				✓
Sector Industrial			✓	✓		✓	
Sector Servicios			✓		✓		
Sector Alimentario				✓			
Evolución paro juvenil		✓					
Datos Demográficos		✓					
Coste Laboral Pensiones	✓						
Evolución del número de pensionistas	✓						
Incidencia demográfica pensiones	✓						

A la vista de los datos, el grupo político Democracia Ourensana considera el Observatorio en su estado actual un informe correcto en la elaboración y presentación de datos, pero insuficiente y poco ambicioso a la hora de reflejar la realidad de la provincia, aportando principalmente datos sobre el paro y afiliaciones (presentes en todas sus ediciones), acompañados a su vez de datos de otros ámbitos sin un criterio fijo a seguir, quedándose muy lejos de lo que debería ser una herramienta útil y global para empresarios, emprendedores y para la ciudadanía en general. Se está desaprovechando de esta forma lo que podría ser una fuente de información realmente relevante sobre la economía y la realidad demográfica ourensana, que permita la realización de estudios y toma de decisiones sobre algunas de las problemáticas intrínsecas de la provincia. Es por ello que tenemos la creencia de que el Observatorio Económico Ourensano debería fijar los campos de estudio sobre los que recaba información y ampliar el campo de estudio para recoger índices de relevancia actualmente ausentes en dicho informe económico, sirviéndose tanto de informes de elaboración propia como de datos adicionales extraídos de otras entidades. Como muestra y ejemplo, el Instituto Galego de Estadística ofrece con una periodicidad trimestral o inferior datos provinciales y/o municipales actuales sobre los siguientes conceptos, que consideramos de interés, y que podrían ser incorporados directamente como parte integrante de cada edición del observatorio: • Precios de la vivienda libre y protegida • Transacciones inmobiliarias • Matriculación de vehículos • Viajeros, noches y estancia media en establecimientos hoteleros • Deudores concursados • Efectos de comercio vendidos e impagados • Hipotecas constituidas • IPC • Sociedades

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

mercantiles constituidas • PIB. Otros conceptos que consideramos de relevancia para un informe de estas características: • Estado de ejecución de los presupuestos de las distintas administraciones • Obra pública licitada y adjudicada en la provincia por parte de la Administración Local, Autonómica y Estatal. Adicionalmente, para tener una referencia actualizada de la situación socio-económica que el Observatorio Económico quiere ofrecer, es insuficiente la frecuencia con la que el mismo expone sus datos. A tales efectos, la frecuencia de su publicación debería ser no superior a tres meses, pasando a presentarse cuatro veces al año, estableciendo además la posibilidad de realizar un debate anual orientado a extraer conclusiones y analizar los resultados expuestos por los informes del último año. Somos conscientes de que esta ampliación sugerida puede conllevar el aumento del presupuesto asignado al efecto de la realización del Observatorio, por los nuevos recursos humanos y materiales que se necesitarían para llevar a cabo el tratamiento y recopilación de nuevos datos, no obstante, estos costos no tendrían porqué dispararse, pues muchos de los nuevos datos demandados son directamente extraíbles de otros organismos, tales como registros oficiales, (Registro mercantil, Registro de la propiedad, Catastro, etc) y las distintas agrupaciones (Federaciones empresariales, Fundaciones, Colegios, Asociaciones y ONGs). Consideramos que un Observatorio Económico Ourense ampliado y con la ambición que corresponde, se convertirá en una herramienta útil que ayudará a reflejar, diagnosticar y, por extensión, a combatir algunas de las problemáticas de la provincia ourensana. El grupo político provincial de Democracia Ourense entiende que en la presentación de los datos ha de reflejarse la comparativa con las otras provincias de Galicia y con los otros territorios del Estado. Esta lectura nos permitirá ver la verdadera situación de la provincia en relación tanto a Galicia como al conjunto de España: podremos ver como su discriminación sistemática en los presupuestos tanto de la Xunta de Galicia como del Gobierno Central contribuye a que los distintos indicadores socio-económicos mantengan a la provincia en los últimos puestos de España. Apostamos por un informe riguroso en lo técnico, que permita el análisis objetivo de la realidad y del que se puedan extraer las lecturas políticas oportunas. Una buena acción política ha de partir siempre de la base de la más completa y precisa información. Por todo ello el grupo político de Democracia Ourense presenta para su debate y aprobación la siguiente moción: Propuesta: Que la Diputación Provincial de Ourense amplíe los campos a tratar por el Observatorio Económico Ourense en sus venideras ediciones, fijando una línea común de presentación de datos, una publicación trimestral de sus resultados y la realización de un debate anual en torno a la información obtenida como resultado”.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo segundo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación, en primeiro lugar, a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, que obtén o voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e de Democracia Ourense (2) e a abstención dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e do BNG (1).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

A continuación somete a votación a moción de Democracia Ourensana, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados de Democracia Ourensana (2), o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (14) e do BNG (1) e a abstención dos deputados/as do Grupo Socialista (8).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Que unha vez rematado o ciclo en 2015, remodelar e adecuar o Observatorio Económico Ourensán, mantendo o mesmo rigor e esencia, e co fin de incrementar a súa utilidade:

- Dotalo dun sistema de actualización continuado.
- Profundar na liña/indicadores que permitan reflectir a actividade provincial, ampliando o foco desde o que esta realidade se observa.
- Adaptalo ás oportunidades e cambios que ofrecen as publicacións dixitais e a extensión do uso de internet.
- Engadirlle unha dimensión participativa/colaborativa.

13º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que se presentaron tres mocións de urxencia.

13ª.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR EN MATERIA DE XESTIÓN RECADATORIA.-

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. secretario da lectura á proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a delegación do exercicio das competencias de xestión recadatoria das multas coercitivas para execución de actos administrativos municipais, adoptada polo Concello do Pereiro de Aguiar mediante acordo do 4 de decembro de 2015, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias en materia de xestión recadatoria,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

así como polo disposto na lexislación vixente en materia de recadación de ingresos de dereito público.

2º.- Rexeitar a delegación do exercicio das competencias de execución forzosa (mediante medios diferentes á multa coercitiva) de actos municipais en procedementos de reposición da legalidade urbanística, data a actual carencia de medios da Deputación Provincial para asumir con carácter xenérico a dita delegación

13ºB.- MOCIÓN DO BNG PARA INTRODUCCIÓN DE CLÁUSULAS SOCIAIS NOS CONTRATOS QUE ASINA A DEPUTACIÓN.-

Trala unánime declaración da urxencia do asunto, o Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista presentou unha emenda de adición e cédelle a palabra o Sr. Rodríguez Suárez para que defenda o contido da seguinte moción:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da seguinte moción: *”A entrada en vigor da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), incrementou as posibilidades de que se poidan incorporar determinadas cláusulas sociais na contratación pública. Con ela é posible, e desexable, introducir aspectos de políticas sociais na contratación pública, como o respecto polos dereitos laborais, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o emprego estable e de calidade, o comercio xusto, a compra responsábel na administración ou o fomento da responsabilidade social nas empresas. Neste marco e para potenciar a aplicación da LCSP, o Congreso dos Deputados aprobou o 23 de xuño de 2009 co apoio de todos os grupos parlamentarios unha proposición non de lei na que se solicitaba que se impulsara unha xestión socialmente responsable das administracións públicas mediante actuacións que favorezan a incorporación de cláusulas sociais nos concursos e contratos públicos, ao amparo da nova Lei de contratos do sector público. Mediante a inclusión de cláusulas sociais na contratación pública, as administracións non só teñen a capacidade de fortalecer os principios de solidariedade, igualdade de trato e de oportunidades nos ámbitos social e económico, senón que tamén poden contribuír á mellora do funcionamento do mercado laboral. Neste sentido, unha contratación pública socialmente responsábel debe realizar unha aposta decidida para mellorar a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade, así como de colectivos desfavorecidos e en risco de exclusión mediante o impulso de novas políticas activas de emprego baseadas na incorporación de cláusulas sociais na contratación por parte do sector*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

público e das empresas privadas. Así mesmo, as administracións públicas, a través da contratación pública, poden fomentar a igualdade de oportunidades de homes e mulleres contribuíndo deste xeito ao desenvolvemento do principio constitucional de igualdade, así como á mellora da calidade do emprego. A utilización das ditas cláusulas sociais favorecería unha contratación pública socialmente responsábel. Estas posibilitan que as administracións públicas xeren beneficios sociais engadidos, para favorecer a cohesión social e dar respostas aos retos das políticas sociais de futuro en torno a: 1. Sustentabilidade económica das políticas sociais. 2. O aumento de rendibilidade social do investimento publico para posibilitar novas formas de solidariedade, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento de iniciativas de economía solidaria. 3. A corrsponsabilidade dos axentes sociais que desenvolven as iniciativas de economía solidaria: empresas de inserción, centros especiais de emprego, asociacións, fundacións, cooperativas, etcétera. Por todo o anterior exposto, solicitamos que por parte do Pleno da Corporación se adopte o seguinte acordo: 1.- A Deputación introducirá, para os futuros contratos administrativos que subscriba, cláusulas sociais en relación co obxecto do contrato, cos criterios de solvencia técnica e profesional, coas especificacións técnicas e cos criterios de adxudicación que deberán ter a súa expresión no proceso. 2.- A Deputación terá en conta a Lei de contratos públicos e, para os efectos de contratar, a non concorrencia de prohibicións nas diferentes empresas licitadoras mediante declaracións responsábeis e outros medios de acreditación que se estipulen nos pregos de cláusulas administrativas. 3.- En caso de incumprimento por parte do contratista das cláusulas sociais que se introduzan nos pregos de contratación, ou coñecida a existencia dunha sentenza firme condenatoria pola comisión de calquera feito anterior á sinatura do contrato que atente contra algún dos dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución, o Estatuto dos Traballadores/as, ou algún dos delitos tipificados no código penal, o órgano de contratación resolverá o contrato e inhabilitará temporalmente ao contratista para volver contratar coa Deputación, podendo adxudicar o que reste do contrato á empresa que na licitación quedara en segundo lugar, e, no caso de renuncia desta, a quen a seguiron na orde de clasificación”.

A continuación, prodúcense as intervencións que se recollen no punto 13B da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo terceiro B](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación, en primeiro lugar, a emenda do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (1), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (1), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

13°C.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA E DE DEMOCRACIA OURENSANA DE PETICIÓN DE DIMISIÓN DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra aos portavoces dos grupos para que xustifiquen a urxencia do debate desta moción.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 13C da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo terceiro C](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a urxencia da moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14), polo que non procede o seu debate.

14°.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de decembro de 2015 e 3º adicional de setembro, 2º de outubro e 1º de novembro de 2015.
- Deputado delegado de Facenda: mes de decembro de 2015 e 3º adicional de setembro, 2º de outubro e 1º de novembro de 2015.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de decembro de 2015.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de decembro 2015 e 1º adicional de novembro de 2015.

- Deputados que teñen delegada a presidencia de comisións informativas: do 11 de setembro de 2015 ata o 18 de xaneiro de 2016.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación das resolucións mencionadas.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

O Sr. presidente anuncia que o BNG formulou tres preguntas por escrito, para a súa resposta oral no Pleno.

A **primeira** (n.º rexisto 2641) está relacionada co Concello de Boborás e as preguntas son as seguintes: ¿Cales son os mecanismos, se existen, que esta Deputación ten para actuar en casos como este, nos que se vulnera a legalidade urbanística e mesmo se cometen actos que poden ser constitutivos dun presunto delito de prevaricación administrativa? ¿Non cre a Presidencia que a non solicitude de responsabilidade, cando menos pecuniaria, en forma de reintegro da subvención, podería implicarlle á Deputación a presunta comisión dalgún delito por non ter actuado a sabendas da comisión dunha presunta ilegalidade?

O **Sr. presidente** manifesta que a resposta é a mesma que recibiu o grupo do BNG a outra pregunta formulada hai días na que se lle enviou un informe que dicía no seu punto segundo o seguinte: que de conformidade coa base 5ª do dito programa de cooperación (BOP de Ourense n.º 194, do 25 de agosto de 2014), o concello achegou coa súa solicitude unha declaración expresa sobre a conformidade da actuación coa ordenación urbanística aplicable, que obra no expediente de referencia.

A **segunda** pregunta (n.º rexisto 2644) e se a Presidencia pensa dimitir da súa responsabilidade como presidente e deputado provincial, ao que o **Sr. presidente** responde que non.

A **terceira** pregunta (n.º rexisto 2647) é en relación co Concello de Castrelo de Miño e di que á vista do anteriormente exposto, ten pensado incluír a Deputación ao Concello dentro do Plan Termal da Deputación?

O **Sr. presidente** responde que o Concello de Castrelo de Miño, por ser unha das vilas termais da provincia, xa forma parte do Plan Termal da Deputación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xaneiro de 2016

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, preguntalle ao Sr. presidente se pode explicar por qué o ano pasado non tivo lugar o Pleno sobre o estado da provincia e se ten que ver coa súa situación persoal e se non é así cal foi o motivo.

O **Sr. presidente** responde que lle contestará por escrito.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que como o Sr. presidente non é un interlocutor válido, porque non responde as preguntas da oposición e non debería estar de presidente porque xa pediron a súa dimisión reiteradamente, de agora en adiante dirixirante ao Sr. vicepresidente que é quen debe levar as rendas desta casa.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana, pregunta se o Sr. presidente sabe canto vai custar a volta ciclista a España.

O **Sr. presidente** manifesta que lle contestará por escrito.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana, manifesta que se o Sr. presidente non quere falar do fondo do tema persoal polo menos que conte os detalles.

As intervencións íntegras deste punto recóllense no punto décimo quinto da vídeo acta da sesión, e están dispoñibles no seguinte enlace: [ver punto décimo quinto](#)

E, ás 15.45 horas do día vinte e nove de xaneiro do ano dous mil dezaseis, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,